



CIRCULAR: 27/2023, COMUNICADO II SUBVENCIONS A FEDERACIONES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN CORRESPONSABLES A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA (PROCEDIMENTO DE402B XUNTA DE GALICIA 2023)

Estimado/a presidente/a:

Agrádame informarche sobre a resolución do Plan Corresponsables no que participou a Federación Galega de Montañismo cun proxecto deportivo, conforme ao indicado no artigo 4, apartado C da Orde do 16 de xuño de 2023, sendo beneficiara xunto a outras 13 federacións deportivas galegas para desenvolver as actividades de animación sociodeportiva.

Como podes entender, representa unha magnífica oportunidade para fomentar e divulgar os deportes de montaña na nosa comunidade mediante programas e accións que incidan directamente na promoción da igualdade entre mulleres e homes fomentando a corresponsabilidade e favorecendo a conciliación das familias con nenas, nenos, mozas e mozos menores de ata 16 anos.

Na actualidade a FGM está conveniando cos clubs que anteriormente solicitaron a súa participación no proxecto, pero convidámosche a colaborar no resto de accións co obxecto de que os deportes de montaña, a través do Plan Corresponsables, poidan ter presenza nos máximos municipios posibles para o que a FGM de conformidade co artigo 8.2 da Lei de subvencións de Galicia pode delegar en outras entidades a organización total ou parcial das súas actividades, procedendo para elo a subscribir convenios de colaboración.

Por acordo expreso da Xunta Directiva da FGM, celebrada o 8 de agosto de 2023, a delegación organizativa será parcial, conforme aos límites de porcentaxes indicados na Orde correspondente.

Antecedentes

O 16 de xuño de 2023 publicouse non Diario Oficial de Galicia a ORDE pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva.

Posteriormente á FGM remitiu unha convocatoria a todos os clubs galegos de montañismo que tiveran interese en participar neste programa do Plan Corresponsables, invitándolles a participar nunha xuntanza telemática ou 4 de xullo. No transcurso desa reunión informouse sobre as características indicadas na ORDE do 16 de xuño de 2023. A partir desa data principiou o período para que os clubs interesados presentasen á FGM as súas propostas de actividades para que, non



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

suposto de que á FGM fora unha das elixidas entre as beneficiarias, procedese a conveniar diferentes responsabilidades organizativas entre a FGM e entidades.

Con data 15 de xullo a Xunta Directiva dá FGM analizou as accións presentadas polos clubs, aceptando a súa inclusión de todas elas, na proposta formulada pola federación. Finalmente a FGM presentou, dentro do prazo indicado pola Xunta de Galicia ata ou 17 de xullo o seu proxecto do Plan Corresponsables 2023.

Resolución

Posteriormente o día 3 de agosto recibíuse na FGM a resolución da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables.

A Federación Galega de Montañismo foi unha das 14 entidades beneficiarias polo órgano instrutor encargado da súa valoración. A relación de subvencións concedidas, as desestimadas e as inadmitidas pódense ver nos seguintes cadros:

ANEXO I: Subvencións concedidas.

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	N.º grupos actividade de x n.º meses	Orzamento subvencional a (1660€/grupo, max 300.000€)	Subvención proposta	Puntuación
DE402B-2023-0000015-00	Federación Galega de Balmisano	G36690832	1132	300.000,00 €	300.000,00 €	82,5
DE402B-2023-0000002-00	Federación Galega de Tens	G15102767	1592	300.000,00 €	300.000,00 €	82,5
DE402B-2023-0000001-00	Federación Galega de Boxeo	G15108996	152	252.320,00 €	252.320,00 €	65
DE402B-2023-0000006-00	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	172	285.520,00 €	285.520,00 €	65
DE402B-2023-0000007-00	Federación Galega de Salvamento e Socorrismo	G27033737	696	300.000,00 €	300.000,00 €	65
DE402B-2023-0000017-00	Real Federación Galega de Fútbol	G15055890	69	114.540,00 €	114.540,00 €	60
DE402B-2023-0000016-00	Federación Galega de Taekwondo	G15237233	246	300.000,00 €	300.000,00 €	60
DE402B-2023-0000021-00	Federación Galega de Montañismo	G36630259	131	217.460,00 €	217.460,00 €	57,5
DE402B-2023-0000013-00	Federación Galega de Surf	G15565484	24	39.840,00 €	39.840,00 €	55
DE402B-2023-0000014-00	Federación Galega de Lucha	G36651081	114	189.240,00 €	189.240,00 €	55
DE402B-2023-0000023-00	Federación Galega de Hockei	G32172058	18	29.880,00 €	29.880,00 €	45
DE402B-2023-0000011-00	Federación Galega de Pentatón Moderno	V36703932	45	74.700,00 €	74.700,00 €	45

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	N.º grupos actividade de x n.º meses	Orzamento subvencional a (1660€/grupo, max 300.000€)	Subvención proposta	Puntuación
	Triatlón					
DE402B-2023-0000012-00	Federación Galega de Vela	G36644862	125	207.500,00 €	207.500,00 €	45
DE402B-2023-0000010-00	Federación Galega de Esgrima	G15100077	199	300.000,00 €	162.095,00 €	45
				TOTAL	2.773.095,00	

ANEXO II: Solicitudes desestimadas por esgotamento do crédito asignado á convocatoria.

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Puntuación
DE402B-2023-0000008-00	Federación Galega de Squash	G36644680	40
DE402B-2023-0000009-00	Federación Galega de Bólo	V36650133	37,5
DE402B-2023-0000020-00	Federación Galega de Atletismo	G15103500	37,5
DE402B-2023-0000004-00	Federación Galega de Kickboxing	G27464221	32,5
DE402B-2023-0000024-00	Federación Galega de Badminton	G36645133	32,5
DE402B-2023-0000019-00	Federación Galega de Balle Deportivo	G10883959	25
DE402B-2023-0000022-00	Federación Galega de Ciclismo	G36644870	22,5
DE402B-2023-0000018-00	Federación Galega de Tens de Mesa	V15149453	22,5
DE402B-2023-0000005-00	Federación Galega de Espeleotxia	G15062193	7,5

ANEXO III: Solicitudes inadmitidas.

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Puntuación
DE402B-2023-0000003-00	Federación Galega de Orientación	G10381603	A actividade proposta non cumpre os requisitos de idade dos participantes previstos no artigo 3.1 (ata os 18 anos) das bases reguladoras.

Para desenvolver as actividades a Xunta

da FGM, en consonancia coa ORDE do 6 de xuño de 2023, acordou na súa xuntanza do 8 de agosto de 2023, establecer a seguinte distribución porcentual, dos 1660 € por grupo docente e mes:

Directiva

- Contratación e docencia co Salario Mínimo asegurado.** Dita competencia corresponderá ao CLUB OU ENTIDADE quen deberá acreditar no contrato que o obxecto corresponde ao Plan Corresponsables durante o período de duración establecido e polas horas da acción. No caso



de que existira un contrato previo e o CLUB OU ENTIDADE o presente como xustificante das accións do Plan Corresponsable ten que motivarse o numero de horas das accións que desenvolve ese profesional e computarase soamente esas horas to cómputo do contrato. Por este concepto poderanse xustificar os seguintes gastos indicados no apartado 15.6.b da Orde do 6 de xuño de 2023:

- a) *Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas que se contraten para a bolsa de coidados conforme o Plan Corresponsables.*
- b) *As remuneracións do persoal executante das accións ligadas ao Plan Corresponsables e vinculadas ao presente convenio, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).*

Os gastos consistentes en custos laborais, empregados na xustificación desta subvención, quedan suxeitos ás seguintes regras:

1. *Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores contratados especificamente para o desenvolvemento deste programa, así como o do persoal da entidade que se dedique a este, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).*
 2. *A xustificación dos custos laborais necesariamente está condicionada ás declaracións da persoa representante de que as persoas traballadoras cuxos custos laborais se imputan á subvención son persoal laboral da entidade durante o período comprendido polo presente convenio e á non discriminación retributiva entre mulleres e homes, no caso de que a federación teña en niveis laborais equivalentes traballadoras e traballadores.*
- 2. Outros gastos**, en relación ao apartado 15.6.b). Inclúranse os seguintes gastos d) *Custos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de comunicación e difusión, desprazamentos, seguros, material e equipamento ou similar, que de maneira inequívoca respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecido.*

O CLUB OU ENTIDADE poderá xustificar os seguintes conceptos:

- *Limpeza, asesoría laboral, desprazamentos e licenzas federativas /seguros e material, similar que de maneira inequívoca respondan a natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecidos.*
- **Correspóndelle á FGM** os gastos dos conceptos recollidos no apartado 15.6.b). Inclúranse os seguintes gastos d). *Os custos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestión laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de*



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

comunicación e difusión, desprazamentos, seguros, material e equipamento (camisetas, publicidades...) ou similar que de maneira inequívoca respondan natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecidos.

- 3. Coordinación das actividades.** Dita función corresponderá á FGM, cun porcentaxe do 5%. Apartado 15.6.b da Orde do 6 de xuño: *c) Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas, ou entidades, que sexan contratadas para a tramitación dos expedientes administrativos e/ou a coordinación derivadas da xestión do Plan Corresponsables, ata un máximo do 5 % da contía asignada.*
- 4. Xestións, material oficina, internet, transportes.** Destinarase o 5% á FGM dos gastos deste apartado. Apartado 15.6.b da Orde do 6 de xuño: *e) Ata un máximo do 5 % da contía asignada para gastos xerais (material de oficina, custos de teléfono, internet, transporte etc.).*

Resumo dos gastos subvencionables	Responsable	%
<ul style="list-style-type: none">Os custos salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas que se contraten para a bolsa de coidados conforme o Plan Corresponsables. As remuneracións do persoal executante das accións ligadas ao Plan Corresponsables e vinculadas ao presente convenio, e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF).Os custos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, , xestoría laboral, desprazamentos, seguros, material e equipamento ou similar que de maneira inequívoca respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecidos.	CLUB / ENTIDADE	Máx. 70%
<ul style="list-style-type: none">Os salariais e a cotización empresarial á Seguridade Social das persoas ou entidades, que sexan contratadas para a tramitación dos expedientes administrativos e/ou a coordinación derivadas da xestión do Plan Corresponsables, ata un máximo do 5%Os custos de servizos profesionais independentes, entre outros: servizos de limpeza ou mantemento externos ou similar, asesoría xurídica, xestoría laboral, auditoría, protección de datos, sistema contable, sistemas de comunicación e difusión, desprazamentos, seguros, material e equipamento ou similar que de maneira inequívoca respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo de execución establecidos.Ata un máximo do 5% da contía asignada para gastos xerais (material de oficina, custos de teléfono, internet, transportes, etc.)	FGM	Máx. 30%



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G-36.630.259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Por todo o indicado, se desexas colaborar neste programa con aquelas accións non incluídas nos convenios de colaboración cos clubs solicitantes podes dirixirte ao correo administracion@fedgalmon.gal con data límite ata o día 17 de agosto ás 20:00 horas.

As accións que se desenvolvan serán públicas na seguinte páxina: <https://deportecorresponsable.es/>

Agradecendo a túa colaboración e poñéndome á túa disposición, recibe un cordial saúdo:

Vigo, a 14 de agosto de 2023

A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almedida